

## Outro parche no acordo do persoal interino sen aceptar melloras propostas pola CIG-Ensino

Xa vén sendo habitual que nos últimos anos se produzan cambios no acordo de persoal interino. Todas as modificacións seguen o mesmo patrón: a Consellaría decide unilateralmente que lle interesa cambiar, sempre con cambios puntuais e preséntallo aos sindicatos asinantes do acordo; estes asumen o acordo sen introducir ningún cambio nin proposta; chega á Mesa Sectorial, na que a CIG-Ensino, máis alá de fixar a súa posición ao respecto do cambio proposto, formula sempre unha serie de melloras no acordo que nin a Administración nin os demais sindicatos tiveron a ben pensar nin aceptan cambiar.

### O resultado do inmovilismo:

Mantense un acordo asinado po unha minoría sindical (con toda a sopa de siglas) fronte á posición da maioría sindical que representa a CIG-Ensino, partidaria de respectar o sistema de listas mais de melloralo cun pacto de estabilidade.

Non se produce ningún avance significativo desde hai anos. Non se recuperan dereitos arrebatados (como o pago do verán para o persoal substituto que traballe cinco meses e medio no curso).

Non se afronta o principal problema derivado da confusa e cambiante xurisprudencia sobre persoal interino e dos efectos que o pacto de CCOO, UGT e CSIF, que levou á recente modificación do EBEP, vaia ter no persoal docente interino, en primeiro lugar no que leva moitos anos traballando e non

vai ter posibilidade de consolidar praza porque non se ofertan da súa especialidade ou non as suficientes (profesorado especialista, por exemplo).

Non se ten en conta a situación que se pode crear no remate do proceso de estabilización con quen non acade praza.

O único interese demostrado nas Mesas destes últimos anos foi eximir puntualmente da

presentación ás oposicións e renegociar os motivos de renuncia a adxudicacións e chamamentos, coincidindo todas as partes asinantes do acordo en que hai “demasiadas renuncias”, un xeito de culpabilizar a quen renuncia en vez de buscar solucións para mellorar os chamamentos.

### Tamén temos que

**escoitar que o acordo corre perigo polas propostas da CIG-Ensino (debe ser un perigo enorme pois leva vixente desde o ano 1995) e que as nosas propostas son “inasumíbeis” (e iso é así só porque a Consellaría non está disposta a negociar e asumir as melloras e os demais sindicatos aceptan o xogo).**

O profesorado interino e substituto non terá obriga de se presentar a ningunha das oposicións convocadas no 2022 mais non facelo nos procesos excepcionais implicará decaer dos seus dereitos no caso de quedar sen traballo



## **O actual sistema de listas debe incorporar melloras para garantir a estabilidade**

---

A CIG-EnsinO ten unha posición clara ao respecto do actual acordo, ao considerar que ten unha eiva fundamental, que nos levou a non asinalo no ano 2007 e que, á vista da evolución destes últimos anos e das incertezas que se abren agora, segue sendo indispensable: **negociar unha cláusula de estabilidade** para aquel profesorado que, reunindo unha serie de condicións que serían a cerna da negociación (partindo do tempo traballado e da non superación dos procesos de estabilización a convocar no ano 2022), tivese garantida a estabilidade como persoal interino con contrato por curso completo.

Fronte á nosa posición só nos atopamos inmovilismo por partida dobre: sindical e político.

## **A decisión de autorizar non presentarse ás oposicións de xuño tómase tarde**

---

Estamos de acordo coa exención que se presenta nesta Mesa da obriga de que profesorado interino e substituto se presente a todos os procesos que se convoquen no 2022. Con todo, denunciámos en que condicións e prazos se toma:

- ★ Desde decembro de 2021 sábese que vai haber procesos excepcionais e en que datas.
- ★ Nos criterios aprobados pola Consellaría para determinar as prazas para eses procesos (marzo de 2022) xa figuraba que non sería obrigatorio presentarse (nin ao concurso de méritos nin á oposición extraordinaria).
- ★ O prazo de presentarse as oposicións que terán lugar en xuño foi do 1 ao 21 de febreiro.

Tendo en conta todas estas datas **non se entende como se trae tan tarde á Mesa** a decisión de que tampouco haxa que presentarse en xuño, que é a única novidade que se presenta, a menos de un mes para os exames, **despois de obrigar á xente a matricularse e mantendo todos estes meses non xa a incerteza senón a decisión de que había que presentarse.**

Todo indica **improvisación**: xogando con quen se vai presentar e mesmo co proceso selectivo xa que o número de tribunais e o reparto de aspirantes parten do número total de persoas

matriculadas e todo pode variar en función do profesorado interino que decida non presentarse. De terse tomado esta decisión xunto coa convocatoria sería ben distinto.

## **Os efectos de non presentarse deben quedar claros**

---

A Lei 20/2021, no seu artigo 2.6, non deixa dúbidas ao respecto das consecuencias que terá para o persoal interino non presentarse aos procesos de estabilización: quen non participe non terá dereito a compensación económica en ningún caso.

De cara a evitar confusións innecesarias, a CIG-EnsinO considera que a redacción, aínda que agora aclara que se fai “*para os únicos efectos da permanencia nas listas de interinidades e substitucións*”, ten que ser totalmente clara: **debe indicarse que a non presentación no concurso excepcional e no concurso oposición extraordinario da Lei 20/2021 terá efectos sobre a posíbel compensación económica que a unha persoa lle puidese corresponder, perdendo tal dereito.**

Por iso, **a CIG-EnsinO recomenda a todo o persoal interino que se presente aos procesos de estabilización**, tanto ao concurso de méritos como á oposición extraordinaria, con independencia das expectativas que teña de acadar ou non praza.

## **Unha cuestión inaprazábel: quen apoiaron a reforma laboral non a teñen agora en conta para a xestión das listas e deixan tirada á xente con outros contratos de traballo.**

---

A reforma laboral está a provocar un cambio importante nas modalidades contractuais, non así en solucionar a precariedade, tal e como denunciámos desde a CIG. En termos xerais, só se manteñen como contratos temporais aqueles realizados antes da entrada en vigor. No resto estamos vendo como **o termo temporal desaparece da maioría dos contratos, máis non a precariedade**. Dispáranse os contratos indefinidos a tempo parcial e os contratos como fixos discontinuos. No caso de Galiza, o 60% dos contratos indefinidos asinados neste ano son a

tempo parcial ou como fixos descontínuos (estes son o 40%). Coa redacción do acordo ningunha destas persoas podería acollerse a non ser chamada no ensino público.

De aí que as nosas demandas dos últimos anos se vexan agora reforzadas. Antes falabamos de autónomos e de indefinidos en precario, esquecidos pola Consellaría e os sindicatos asinantes. Agora, a relación de afectados, elévase. Por iso demandamos que se introduza a **renuncia a chamamentos durante un prazo máximo de 3 anos sen xustificación**. Neste momento todas as persoas poden limitar a 1 provincia os chamamentos ou renunciar a seren chamadas por determinados motivos. Cremos que debe favorecerse que se poida renunciar sen xustificación durante 3 anos con carácter xeral e que estes prazos se poidan ampliar no caso dos motivos actualmente existentes, mesmo fixando un tope de anos, se se acepta a nosa proposta.

### **Estas son as propostas da CIG-Enseño para mellorar o actual acordo de persoal interino**

- **Acordo de estabilidade.** Negociación da inclusión dunha cláusula de estabilidade para o profesorado interino na que se recolla a estabilidade derivada do abuso na contratación temporal. O acordo, como levamos anos demandando, partiría das actuais condicións de acceso e permanencia nas listas e daría resposta ao exceso de contratación temporal que a xurisprudencia europea interpreta como fraude e para o que aínda non hai solución xudicial no Estado, nin pola vía da sanción nin pola vía da permanencia no posto de traballo e para a que os procesos extraordinarios non van dar solución a todas as persoas afectadas, pola limitación do número total de funcionariado imposta, derivada do acordo sindical estatal, e polo propio efecto do sistema de concurso.
- **Cobro nos meses de verán para o persoal substituto.** Restitución do dereito do profesorado substituto a cobrar os meses de verán, polo menos cando se traballase 5 meses e medio durante o curso escolar.

- **Contratos máis alá do 30 de xuño.** Extensión de todos os contratos máis alá do 30 de xuño cando non se incorpora a persoa titular.
- **Equilibrar a duración dos diferentes motivos das renuncias.** A duración das renuncias en función dos diferentes motivos está desfasada e non responde a criterios de equidade co motivo que leva á renuncia. Así, non existe límite para a ampliación de estudos e si o hai por ter outro contrato de traballo ou por ter crianzas menores. Non ten sentido esta situación. Entendemos que require unha revisión.
- **Garantir que haxa chamamentos todos os días da semana,** que se cubran todas as substitucións de máis de 3 días (e non dun mínimo de 10 como agora) e que non se suspendan chamamentos en períodos próximos a vacacións escolares.
- En primeiro lugar demandamos que se introduza a **renuncia a chamamentos durante un prazo máximo de 3 anos sen xustificación**. Neste momento todas as persoas poden limitar a 1 provincia os chamamentos ou renunciar a seren chamadas por determinados motivos. Debe favorecerse que se poida renunciar sen xustificación durante 3 anos con carácter xeral e que este prazos se poidan ampliar no caso dos motivos actualmente existentes, mesmo fixando un tope de anos, se se acepta a nosa proposta.
- **A idade dos fillos ou fillas debe acomodarse á idade que con carácter xeral emprega a Xunta para a conciliación familiar (reducións de xornada, etc.): 12 anos.** Hai que ter en conta que outros prazos como o coidado de familiares non teñen límite. Na norma debe figurar a data na que se debe cumprir o requisito da idade: momento da renuncia, final de ano como nas concilia ou final de curso. Caso de non aceptar esta proposta con carácter xeral si debe terse en conta en caso de familias cunha única persoa proxenitora ou crianzas con discapacidade como xa se fai para as comisións por conciliación.
- **Ampliación a calquera tipo de contratación para renunciar por ter un contrato de traballo:** persoal autónomo, fixo descontínuo, indefinido, a

tempo parcial, empregado ou empregada pública nunha categoría inferior.

- **A consolidación na lista en caso dunha renuncia non debe depender dos seguintes chamamentos.** Neste momento só se acepta que unha persoa consolide en caso de renuncia se outra posterior na lista acepta unha praza. É discriminatorio e debe consolidar xa que polo posto que ocupa foi chamada e lle correspondía traballar.

- **Causas xustificadas para non presentarse aos procedementos selectivos.** No punto 12.4 do texto actual cítase expresamente que se entende como causa xustificada a acreditación de enfermidade no día da presentación. Debe incorporarse tamén atoparse nas 6 semanas de descanso obrigatorio após o parto ou adopción.

- **Conversión en interinidades de todos os contratos de substitución cando a praza se converte nunha vacante.** A Consellaría pasa a interinidade un contrato de substitución se se produce a xubilación do titular (ou calquera outro motivo que dea lugar a que a praza fique vacante). Mais restrinxe este dereito a que ese cambio se produza antes do 1 de xuño; en caso contrario non se transforma en interinidade. A CIG-Ensino están en desacordo con esta decisión e defende que non se fixe ningún límite, de tal maneira que se a praza queda sen titular se transforme o contrato automaticamente.

- **Ás mulleres en incapacidade temporal derivada do embarazo debe gardárselle o posto cando sexan chamadas e recoñecérselle ese tempo como servizo prestado.** No artigo 6 recóllese que o persoal interino que estea gozando do permiso por parto, do outro proxenitor ou de adopción ou acollemento terá dereito a ser chamado para as interinidades e substitucións que lle correspondan, tomando posesión coa finalidade de que os servizos que lle corresponderían prestar lle sexan recoñecidos para os efectos administrativos. Solicitamos que isto se faga tamén no caso das mulleres que están en situación de incapacidade temporal por causas derivadas do embarazo, para impedir a discriminación por razón de sexo.

A Consellería afirma que a Mesa sectorial é o órgano de negociación de calquera modificación do acordo de interinos, a pesar de que as outras organizacións sindicais queiran negalo publicamente e que formalmente non vén nada pechado á Mesa.

Logo das nosas propostas e tras as intervencións dos demais sindicatos, que se limitaron a afirmar que non tocaban outros temas e que ían asinar a addenda do acordo, a administración, cómoda coa blindaxe sindical, non quixo entrar a modificar ou engadir ningún punto na addenda.

O máis rechamante é que a Consellaría recoñece a necesidade de axustar o texto do acordo á actual reforma laboral no que ten que ver coa renuncia por outro contrato laboral, asegurando mesmo que revisarán as solicitudes que poidan ter con contrato indefinido ou fixos descontínuos, sendo posíbel que poidan aceptalos, xa que son conscientes da realidade dos cambios nos contratos.

Esta afirmación é unha constatación da inoperancia de quen negocia cambios ao ditado da Consellaría e da comodidade desta á hora de interpretar logo os acordos. A CIG-Ensino recomenda que todo docente interino con contrato de traballo diferente ao temporal que solicite non participar ou renuncie ou limite concellos, se poña en contacto co sindicato se non llo aceptan.

A Consellaría insiste de novo na dificultade da situación actual do mantemento das listas, tras a redacción da normativa estatal derivada do acordo do trío sindical habitual. Agardarán a ver se o Ministerio toma algunha iniciativa e son conscientes que terán que negociar o acordo na súa integridade.

**A CIG-Ensino defenderá o que algúns dos sindicatos asinantes acaban de poñer en perigo mais incidirá en ter en conta as situacións excepcionais que se dean co profesorado que, cunha longa interinidade ás costas, non consiga unha praza fixa ou naqueles colectivos que nin sequera ten prazas convocadas.**